

VIII PREMIO DE INVESTIGACIÓN
MANUEL VÁZQUEZ SEIJAS

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO


Praza da Soidade,7
27001 Lugo
Tel. 982 242 112
Fax 982 240 240
info@museolugo.org
www.museolugo.org



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura



MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

VIII PREMIO DE INVESTIGACIÓN MANUEL VÁZQUEZ SEIJAS

Co gallo de fomentar a investigación entre o alumnado universitario, a Vicepresidencia Primeira da Deputación Provincial de Lugo, a través do Museo Provincial de Lugo, convoca o **VIII Premio de Investigación “Manuel Vázquez Seijas”**, de carácter bianual, que se rexerá polas seguintes bases:

1ª. Poderán concorrer a esta convocatoria todos/as alumnos/as, do **1º, 2º** ou **3º**. Ciclo, tanto individualmente como en equipo, de todas as Facultades e Escolas das Universidades de Galiza, agás aqueles autores/as que resultaran gañadores/as en edicións precedentes deste Premio.

2ª. Os traballos de investigación, escritos en galego, versarán sobre: **Historia, Arte, Arqueoloxía, Antropoloxía e Museoloxía** da provincia de Lugo. Valoraranse especialmente estudos sobre a Rede Museística Provincial (Museo Provincial de Lugo, Museo-Fortaleza de San Paio de Narla, Pazo de Tor, Museo Provincial do Mar de San Cibrao) e os seus fondos.

3ª. Os traballos teñen que ser inéditos, cunha extensión máxima de 100 páxinas Din A4 a dobre espacio, por unha soa cara, e coas follas paxinadas. O tipo de letra será Times New Roman, de tamaño 12. Fotografías, gráficos ou anexos documentais non superarán tampouco a devandita cantidade.

4ª. Do traballo presentaranse orixinal e catro copias en papel, e unha en soporte dixital, sen nome do autor/a ou autores, nun paquete que garante a súa confidencialidade e no que apareza e lugar visible o oportuno lema. En sobre á parte, pechado e lacrado, co correspondente lema no exterior, deben figurar o currículo e datos persoais xunto co enderezo e teléfono do autor/a ou autores/as, así como unha declaración xurada do carácter inédito do traballo.

5ª. Os traballos poderán presentarse no **Rexistro da Deputación Provincial de Lugo** ata o **31 de marzo de 2010** e a proposta do Xurado ao órgano resolutivo será vinculante.

6ª. Establécese un premio único de 2.000 euros, que pode ser compartido ou declarado deserto, segundo o criterio do Xurado cualificador. A entrega farase en sesión pública e solemne, coa presentación do autor/a ou autores/ as galardoados/as.

7ª. A organización reserva para si todos os dereitos sobre o traballo gañador, que poderá ser editado como monografía pola Deputación Provincial de Lugo ou no Boletín do Museo Provincial de Lugo. O autor/a recibirá 20 exemplares da publicación.

8ª. Os traballos non premiados serán devoltos ós seus autores/as, que os poderán retirar do Museo Provincial de Lugo nun prazo de dous meses.

9ª. O Xurado estará formado por:

- **Vicepresidente da Deputación Provincial de Lugo.**
- **Reitores das tres Universidades Galegas ou persoas nas que deleguen.**
- **Deputado Delegado da Área de Cultura e Deportes e da Rede Museística Provincial.**
- **Directora do Museo Provincial de Lugo.**
- **Secretario da Excm. Deputación Provincial de Lugo, que actuará como secretario, con voz e voto, ou persoal da Deputación en quen delegue.**
- **Técnico de Difusión do Museo Provincial de Lugo, que coordinará o certame.**
- **Recoñecidos especialistas en Antropoloxía, Museoloxía e Historia.**
- **Outros asesores, tanto das Universidades como do Museo, que o Xurado estime oportuno.**

10ª. A participación neste certame supón a aceptación das presentes bases, as resolucións que o Xurado considere oportunas e a renuncia a calquera tipo de reclamación.